

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº7 / Ano: 2020 / 3º xornal Mes de xuño / Remate do Estado de Alarma

PROBLEMÁTICA DO LIXO EN ONS

A recollida do lixo e desfacerse posteriormente del, sempre supuxo un problema para a Administración en Ons, que nunca lle deron vento a xestionar este servizo. **Páx. 1**



UNHA NOITE DE FESTA. A DE SAN XOÁN

A noite de San Xoán en Galicia, é unha noite máxica, e na Illa de Ons non ía a ser menos. Alí esperábase con moita impaciencia, sobre todo os mozos que, en pequenos grupos e por barrios, xa levaban días matinando as falcatruadas que ían facer e a quen. As fogueiras, pasaban a un segundo plano, a madeira era unha materia prima moi importante nas casas illáns como para estragala nunha fogueira festiva. Na foto unha das pequenas cacharelas que PineirÓns fixo na Illa con permiso de Parques. **Páx. 1**



Álvaro Camaway, homenaxea a dous *Camawuayanos* que faleceron nos últimos anos, Peter e Ivón, persoas que transmitiron moita forza á familia de *Camaway* en Ons e que quedarán no recordo deste grupo para sempre. **Páx. 2**



VERÁN DE 2020, ONS SEN BANDEIRA AZUL NALGUNHA DAS SÚAS PRAIAS.

Pediamos no nº 2 de Onstopus que o Concello de Bueu tivera presente ás praias da Illa de Ons e pedir para algunha delas a Bandeira Azul, xa que a merece polas súas características e por ser parte do único Parque Nacional galego. Coidamos que non habería atranco algún para acadar a normativa que se pide para recibir este galardón, pero parece que non o tiveron a ben e un ano máis, as praias de Ons, quedan sen esa distinción. **Páx. 2**



MOTORES PAZÓ QUE DEU ENERXÍA ELÉCTRICA ÁS CASAS DA ILLA DE ONS NO ANO 1958

Javier Pazó, amigo da infancia con quen compartín pupitre despois de ingresar no Instituto de Pontevedra no ano 1967 e cuxa amizade dura ata os nosos días, fai un comentario sobre o primeiro motor que deu electricidade ás casas de Ons e que fora fabricado polo seu pai D. Diego Pazó na fábrica das Corbaceiras en Pontevedra. Foto: Fábrica motores Pazó. **Páx. 3**



ONS NA MEMORIA

As dornas tamén ocupaban a Praia de Canexol, alí, no seu leito de área, esperaban polos seus mariñeiros para achegalos ás marcas de pesca. **Páx 2**

PEQUENA HISTORIA DA PROBLEMÁTICA DO LIXO EN ONS

Os que tivemos a sorte de vivir en Ons nos anos que alí había máis do 80% da poboación autóctona, puidemos comprobar o xeito de reciclaxe que tiñan os veciños e que evitaba a proliferación de lixo. Daquela vivían dun xeito aínda moi precario o que obrigaba a reutilizar todo o material que posuían. Os elementos orgánicos eran aproveitados polos animais e para facer un primitivo “compost” que logo empregaban como fertilizante. O cartón era empregado para gardar cousas, e no caso de non servir, para axudar a plantar lume na lareira. A madeira era o material máis prezado, empregábase para todo na casa e no exterior, por exemplo: nos valados, e como último recurso, para lume na lareira, pois o butano, que viña no barco de Pancho de cando en vez, había que intentar reservalo para momentos máis difíciles. O metal e o ferro, tamén se empregaban para todo, aínda que moi pouco había nas casas, se quitamos os elementos da cociña, a propia cociña, os somieres,..., e pouco máis, sempre tiña algún emprego no que utilizalo, ata o ferro que aboiaba na auga salgada, era aproveitado, nada se tiraba. Aínda agora, se damos un paseo pola Illa, vemos como algunhas casas utilizan os somieres metálicos como portas de peche das súas fincas. Case non había necesidade de ter un servizo de recollida do lixo, agás os negocios que si, no verán, xuntaban moito.

Pero coa emigración forzosa cara ao continente, todo cambiou. As necesidades dunha mellor calidade de vida na Illa e ao entrar na sociedade de consumo, trouxo que, ao volver e arranxar as súas casas, os illáns xa non tiveran a necesidade de reutilización dos materiais que antes eran, case, de primeira necesidade, polo que, aumentou a cantidade de lixo que xeraban que xunto ao que producía o aumento do turismo, requiría buscar unha solución.

E é aquí onde fallou a Administración, non foi quen de buscar unha solución axeitada ao tema. Primeiro decidiu queimar o lixo xerado e preparou un primeiro lugar nas Xabreiras, que pronto quedou pequeno e ineficaz. Decidiu cambialo para un lugar chan no camiño, rentes a costa, que fá cara a Melide, tampouco resultou,... E despois de buscar novas ideas, decidiu facelo en Pereiró, a 100 metros do actual Punto Limpo. Podería ser un lugar ideal. Comezaron queimando o lixo acumulado durante un tempo nunha pequena bagoada, pero parece que non era válido. Logo fixeron, no alto da bagoada, un queimador con cheminea, pero era moito o lixo e o traballo, polo que tampouco era efectivo, aínda que durou uns cantos anos. Só a proliferación de ratas no Campamento da Xunta, que estaba a uns 200 metros del, xunto co cheiro que botaba, provocou que se buscara a solución máis efectiva, o traslado a terra do lixo xerado no verán.

A administración, nun primeiro intre, facía a recollida do lixo, como debe ser, pero, ao carón da falla de estudos sobre o tema e a mala xestión, agudizada pola necesidade de persoal e, polo tanto, de presuposto, buscou un novo sistema.

Sacou os colectores da vista do público. Os negocios, ao marchar o último barco, farían a recollida do lixo xerado e o levarían, nos seus propios tractores, ao punto que tiñan para o seu almacenamento. Aos veciños, púxoselle uns contedores preto da casa, para uso total, sen reciclar, para tirar alí o lixo xerado e recollíase pola mañá. E, cada certo tempo, un barco ven buscar as bolsas onde se almacena todo o lixo producido.

Máis de 30 anos para buscar unha solución, pero, aínda esta non é a mellor. Non hai contedores para que os visitantes deixen o lixo, co que, son os restaurantes os que pandan con ese tema, xa que os turistas deixan, estratexicamente, as bolsas cos refugallos nos negocios illáns. Non hai un servizo público de recollida de lixo, teñen que andar os tractores dos negocios a levala ao sitio de almacenamento. Non hai reciclaxe, por parte de Medio Ambiente na recollida do lixo dos veciños. Non hai unha obriga para que, os illáns, sexan os encargados de buscar solución ao desfacerse de mobiliario inservible da casa. E un longo etc... que demostra unha desacertada xestión do tema do lixo nunha Illa pertencente a un Parque Nacional.



Así estaba o depósito do lixo de Pereiró cando fixeron o queimador, que para nada serviu.



Quinteiro dunha casa do barrio de Caño onde se botaban os restos da comida para que peteiran as galiñas.



Preparada unha fogueira no barrio de Canexol nos anos 70 s.XX, das poucas que se facían naquela época.

A NOITE DE SAN XOÁN NA ILLA DE ONS

Outra das festividades esperadas era a do San Xoán. Gastronómicamente non había nada especial, pero para as mulleres illáns, chegada a tardiña, era o momento de ir polas herbas para facer a auga de San Xoán coa que lavar ao día seguinte a cara e despois facer a presa coas herbas que, colocada nun lugar estratéxico da casa, espantaría as bruxas, os malos ollos e as calamidades para a familia. A fogueira, aínda que nalgúns lugares se facía e había loitas por saber en que barrio logaran a máis grande, non era o máis importante, a leña era moi necesaria para a casa, como para andar a estragala nunha fogueira; sen embargo as tranadas que os mozos facían pola noite eran moi preparadas entre as diferentes pandas de cada zona. Unha das falcatruadas máis planeada era a procura do caldeiro coas herbas que había que deixar ao sereno. Cando a tiñan localizada, facían todo tipo de trasgadas con elas, dende cambiar as herbas por outras de mal olor, poñerlle auga podre,..., e ata chegar a mexarlle no caldeiro. Tamén era o día de ir a “roubar” algunha ave, galos ou galiñas, para preparar ao día seguinte e invitar ao que lla roubaran dicíndolle que era doutro. Unha noite meiga con moita troula, artimañas e algeiradas. **Páx. 1**

Por: **Álvaro Camawey**

Maider e Ivón, procedentes do País Vasco, recalaron en Ons dende hai anos para deleitar á comunidade illán co hipnótico son da Txalaparta. Hoxe en día, nas noites de lúa chea, con só prestar atención, podemos seguir escoitando ese máxico son que Ivón transmite para todos nós dende o máis aló. Sempre nos nosos corazóns. Varu Camawey.

Peter

Nerga, 21 de xullo de 2018. Media lúa... Marte acompañaa... Hoxe deixounos Peter despois de cumprir o seu soño de vivir en Galicia. O Dragón chuspe fogo de 1'90 cm. e os seus ollos azuis de Bufo real, cos que nos falaba antes de aprender español e galego, abandona Camawey como tantos outros.

A tribo Camawayana, en perigo de extinción, perde a un dos máis representativos dos seus membros, o Alemán, con pánico a voar, que durante trinta horas, facía a súa viaxe dende Colonia, coa súa tenda, mochila e guitarra, trinta horas en tren, e que nos seus anos gloriosos, 4 litros de parafina transportaba para deleitarnos coas súas bolas de fogo, esculpidas polos seus beizos, que tanto lume como cervexa, destilaban.

Artesán, como tantos outros, que nunha recoñecida empresa de Colonia enmarcaba valiosas obras de arte, que aumentaban o seu prezo, grazas ao seu meticuloso traballo.

O xogo dos seus ollos, era o seu idioma, tanto era de neno bo, coma dun home perdido, ou dun sincero Alemán anoxado. Sempre, a súa discreción, só comprendida por catro irmáns Camawuayanos que a dez metros de distancia, sen escoitalo, comprendiamos perfectamente a súa alma, as súas reflexións, a súa explicación,..., os seus ollos eran el!!!

Peter deixa un gran baleiro nesta comunidade Camawayana que só os que estivemos... os que alí vivimos... podemos comprender.

O ano do Prestige, perdeu as vacacións que pasaba no seu paraíso particular, para facer 3.000 km e limpar as pedras do que consideraba o seu fogar.

- Que fas aquí Peter?
- *Tengo dos brazos para ayudar y limpiar. Muelle de la Isla de Ons.*

Un exemplo a seguir para moito miserable... Irmán, a túa marcha rompeu moitos corazóns, pero o teu recordo e personalidade, engrandécenos aos que te coñecemos. Ti representas agora a Camawey no espazo, aí temos o noso sitio e só os que alí estivemos e o vivimos, sabemos do que falamos, igual que sabemos agora que Camawey xa non é unha palabra maldita e se grita aos catro ventos... que merece máis que un respecto... ocorreu... foi real... E como real que foi, coñecemos eses gritos dos que alí NON estiveron, pero seguiremos calando, polo mero feito de darlles pracer aos que nin saben, nin coñecen o significado desa palabra, a ti e a min xa non nos enganan.

Boa viaxe, con nós sempre, contigo ata o final. Voarás sobre as nosas cabezas, como bola de fogo que es, meteoros e cometas atravesarán a atmosfera para recordarnos que agora ti vixías o honor de CAMAWEY. Media lúa de sangue 3:47. Grazas irmán... Xa estou máis seguro.



Maider e Ivón tocando a Tsalaparta o día da reivindicación do cámping libre organizada por Acampaenons.



Peter nunha exhibición lanzando bolas de fogo dende o restaurante "O que Faltaba" na Illa de Ons. Foto de Pati de Camawey



ONS SEN BANDEIRA AZUL PARA UNHA DAS SÚAS PRAIAS

De novo este ano 2020 a Illa de Ons queda sen que nunha das súas praias ondee a Bandeira Azul. Como dixemos no nº2 de Onstopus, non era por tema turístico, senón para demostrar que as praias de Ons están ao mesmo nivel que as das Cíes en calidade e servizos e como símbolo de Concienciación Ecolóxica e Medio ambiental

ONS NA MEMORIA

A Praia das Dornas, en Curro, leva a palma en cantidade de dornas que nela descansaban entre faena e faena, pero a de CANEXOL tamén tiña as súas. Dornas das casas que pertencían aos barrios da zona, Canexol e Pereiró. Nesta foto dos anos 70 s.XX, vense cinco dornas e dúas pequenas gamelas que utilizaban para achegarse aos barcos que alí fondeaban, como eran, entre outros, o Cro e o Reo.



Viviendas para pescadores en Pontevedra

Pontevedra, 24.—Esta mañana se ha firmado la escritura de adjudicación de las obras de 90 viviendas protegidas para pescadores, que la Obra Sindical del Hogar va a construir en la Isla de Ons. El presupuesto de este grupo asciende a pesetas 2.159.000. La adjudicación se ha hecho ante notario y firmó la escritura en representación del Delegado Provincial Sindical el Secretario Provincial de Sindicatos.—Cifra.

Noticia aparecida no Periódico "La Noche" o 24 de outubro de 1946, sobre 90 vivendas que se ían construír na Illa de Ons con escritura feita ante notario.

Preguntámonos: A onde irían a parar eses cartos?, pois que saibamos, ningunha vivenda se construíu en Ons pola *Obra Sindical del Hogar*, nin en 1946 nin en posteriores anos.

Tamén en "La Noche" sae esta noticia, no ano 1915, que nos fala da elección dunha casa para dedicala a escola en Ons. Sobre o tema escribiu Arturo S. Cidrás en AUNIOS nº 20.

Desde Bueu

Una escuela en la isla de Ons

Anteayer ha salido de esta una motora propiedad del Sr. Garrido con una comisión del Ayuntamiento para dirigirse á la isla de Ons y elegir la casa escuela y habitación del Maestro para la que se proyecta crear en la misma con cargo al presupuesto del Estado.

Antes estuvieron en Marin en donde recogieron al Diputado provincial y protector constante de este distrito D. Antonio Pazos, dos hijos de este y el Director de la Escuela graduada de aquella villa D. Juan Novás, delegado por el Sr. Inspector Jefe de 1.ª enseñanza para el reconocimiento de dicha casa.

Ya en la isla fueron espléndidamente obsequiados con un almuerzo por el Arrendatario de aquella, el amigo D. Marcial Bernaval regresando por la tarde á esta villa muy contentos y satisfechos de tan agradable excursión.

El Sr. Pazos, sus hijos y el Sr. Novás salieron seguidamente para Marin y fueron despedidos por numerosos amigos de esta localidad.

CORRESPONSAL.



MOTORES PAZÓ DEU LUZ ÁS CASAS DE ONS

Despois de saír no Onstopus anterior o tema da electrificación da Illa de Ons no ano 1958, pásannos está foto do motor que fabricaron para dar luz ás vivendas de Ons e que fora construído, na súa totalidade, na fábrica de Motores Pazó en Pontevedra.

Postos en contacto co fillo de D. Diego Pazó Montes, Javier, este nos facilita un pequeno comentario que unimos ás palabras que seu irmán, Fernando, deseñador de velas de barco, realiza sobre o seu pai.

“Era un motor de 40cv., de dous tempos e catro cilindros a 600 rpm. Os motores Pazó fabricábanse, case na súa totalidade, para cerca de 3000 embarcacións pesqueiras, sobre todo das costas galegas, aínda que tamén algúns para Andalucía, Levante, Cataluña e incluso Marrocos. Como xeradores para corrente eléctrica poucos, só recordo o de Ons, e, como motor de emerxencia, en Avícola Galicia, en Barro.

Para que un motor funcione como xerador, as revolucións teñen que ser constantes, para que a frecuencia de 50 Hz., tamén sexa constante, pero, segundo a demanda de potencia eléctrica o motor ten que recibir máis combustible para desenvolver a potencia requirida.”

O seu irmán Fernando comenta a preguntas dos periodistas:

“- Que aportou o seu pai, Diego Pazó, á historia pesqueira de Galicia?

- Nun momento da historia pesqueira, nos anos corenta e cincuenta, foi clave. Na posguerra non se podían importar motores mariños, entón os pescadores só podían empregar a vela ou o remo. Meu pai deseñou e construíu motores mariños de ata 500 cabalos, o increíble é que unha soa persoa puidese deseñar e a mesma empresa fabricar, dende a fundición ata o último parafuso.

- Ese tipo de experiencia volveuse a repetir na pesca galega?

-Creo que non, había algunhas empresas que tamén fabricaban, pero moi poucas tiñan capacidade para deseñar e construír motores.

- Posibilitaron eses motores a transformación do sistema de capturas?

- Si, porque ademais meu pai tivo outra iniciativa que era financiar a compra dos motores. Nese momento os bancos no daban créditos aos pescadores e meu pai vendíalles o motor sen aval ningún e o ía cobrando a medida que os pescadores ían faenando e íanlle entregando o que podían. El os financiaba sen aval, algo imposible por exemplo para os bancos da actualidade, o sistema que implantou meu pai sen dubida revolucionou a pesca galega e incluso despois eses motores vendíanse ao resto de España, Marrocos e Portugal.”

D. Diego Pazó na Illa de Ons e, en toda a Galicia mariñeira, era coñecido como **“O pai dos pobres”**, pois para el o importante era o mariñeiro e o último os cartos. Gran inventor e excelente persoa.